



BANCO DE LIBROS DE TEXTO

“Comparte os teus libros, non poñas límites a súa vida!”

A ANPA “Castelao” do IES “Afonso X O Sabio”, ANPA do IES David Buján, ANPA “Fendetestas” do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, ANPA “Mencer” do CEIP O Graxal, ANPA “A Curuxa” do CEIP Portofaro, ANPA do CEIP Emilio González López e a ANPA “O Souto” do CEIP Gonzalo Torrente Ballester en colaboración coa concellaría de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do Concello de Cambre poñen en marcha a II edición do Banco de Libros de Texto.

Aínda que cada ANPA (e centro educativo) van a dispoñer do seu propio banco de libros de texto, tras varias reunións de traballo e coordinación entre ANPAS e Concello, elaboráronse unhas normas básicas de funcionamento para todos/as que favorecen o contacto e a coordinación entre bancos de libros de texto e igualan as condicións de acceso ao servizo.

As ANPAS xestionarán todo o servizo desde cada un dos seus centros educativos e o papel do Concello foi e será o de coordinar ás ANPAS, apoiar a elaboración dun sistema de organización e funcionamento, e elaborar un programa informático de xestión do servizo para cada centro educativo.

Esta iniciativa precisa da implicación da comunidade escolar, ANPA, alumnado e familias para conseguirmos entre todos/as os seguintes obxectivos:

- Favorecer a economía familiar
- Fomentar a solidariedade
- Fomentar a reutilización, o consumo responsable e sustentable e os valores medio ambientais

A campaña está dirixida aos CEIPs e IES do Concello de Cambre, e máis en concreto aos seguintes cursos:

CEIPs: de 3º a 6º de primaria

IES: de 1º a 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato

Consiste na doazón por parte do alumnado dos libros usados durante o presente curso escolar e na solicitude dos libros que o alumnado precise para o novo curso escolar 2014 - 2015.

Os libros teñen que estar en bo estado de conservación, polo que, é fundamental concienciar e sensibilizar ao alumnado e ás familias no coidado dos libros e facer un bo uso deles durante o curso escolar.



Consiste nunha campaña solidaria universal, é dicir, tentará chegar a todas as familias participantes. As familias que doen libros terán preferencia á hora de recibilos, pero ten que quedar claro, que no caso de non reunir o mesmo número de doazóns que de solicitudes, non se adquirirán dereitos, polo que, se repartirán os libros en función do seguinte baremo ata o final das existencias:

1 punto por cada libro doado

0,5 puntos por ser socio/a do ANPA

(Os libros doados en mal estado ou caducados non obterán puntuación)

O alumnado de 6º de primaria que doen os libros do presente curso escolar, poderán solicitar os de 1º da ESO sempre e cando o cursen nalgún dos dous institutos públicos de Cambre.

O número total de alumnos/as aos que pode afectar o banco de libros de texto por centros:

Nº alumnos/as	3º primaria	4º primaria	5º primaria	6º primaria	Total
CEIP WENCESLAO	67	65	56	73	261
CEIP GRAXAL	50	49	49	48	196
CEIP EMILIO GONZÁLEZ	24	25	17	25	91
CEIP TORRENTE BALLESTER	23	23	26	24	96
CEIP PORTOFARO	50	51	51	50	202
				Total	846

Nº alumnos/as	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	Total
IES AFONSO X	150	153	131	123	557
IES DAVID BUJÁN	58	60	61	69	248
				Total	805



Nº alumnos/as	1º Bacherelato	2º Bacherelato	Total
IES AFONSO X	80	86	166
IES DAVID BUJÁN	68	71	139
		Total	305



Máis información e contactos das ANPAS

ANPAs CEIPs

ANPA Brexo Lema – anpabrexolema2013@gmail.com - 981675000

ANPA Fendetestas de Cambre – anpa-fendetestas@hotmail.es - 666940723

ANPA Sigrás – anpasigras@cambre.org 618543583 - 618543585

ANPA Graxal – apa_mencer@yahoo.es - 646084737 (luns a venres de 16:00 a 18:00 e do 1 ao 4 de xullo de 10:00 a 12:00)

ANPA Portofaro - acuruxa.anpa@gmail.com

ANPAs IES

ANPA "Afonso X" – anpacastelaocambre@gmail.com – Tf. 680323417

ANPA David Buján - ampadavidbujan@hotmail.com